

Anexo1 - Convocatoria

1 Prazo de inscrición

- 1.1 o prazo de presentación de solicitudes comeza o sábado 7 de xaneiro do 2026, e remata o venres 24 de xaneiro de 2026.
- 1.2 As solicitudes de inscrición poderán remitirse á AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, CP 36202 de Vigo, por correo electrónico a info@Reconquista.gal, correo ordinario, ou de xeito presencial de 17:00 h a 20:00 h de luns a venres.

2 Confirmación:

- 2.1 O venres 30 de xaneiro unha vez que sexa confirmada a solicitude, co número de metros e situación correspondente, terán que facer a aportación económica correspondente coa festa (no prazo de dez días).
- 2.2 A listaxe de postos admitidos estará dispoñible na oficina da AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, de Vigo.

3 Solicitude e preferencia:

- 3.1 Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais, ou culturais de Vigo, (ata completar o espazo), as e os artesáns con carta de maestría, que o acrediten, e as empresas radicadas no Casco Vello de Vigo por esta orde.
- 3.2 Todas as solicitudes terán que vir acompañadas da póliza de responsabilidade civil e o recibo do mesmo, así como o recibo de autónomos.

3.2.1 As e os artesáns deberán achegar documentación acreditativa da súa actividade, así como fotos dos produtos que elaboran. Nos días da festa, a organización fará comprobacións dos produtos que estean á venda, os cales deberán axustarse á actividade acreditada e ás fotos remitidas, tanto no relativo aos materiais empregados como á natureza artesá da súa produción. A falta de concordancia dos produtos implicará a inadmisión do posto ou o seu peche inmediato.

3.2.2 As entidades (empresas, asociacións...) que sexan aceptadas para participar no mercado, terán que asinar un descargo de responsabilidade, ademais, no caso de facer calquera tipo de instalación desmontable, terán que entregar a correspondente declaración responsable (anexo 6) para a montaxe e posta en funcionamento, segundo normativa municipal. E a maiores no caso de vender produtos alimenticios (comida e ou bebida) terán que entregar a declaración responsable sobre condicións hixiénicas e técnico sanitarias... (Anexo 5).

- 3.3 Todas as persoas, entidades e empresas que soliciten un posto no mercado deberán achegar o xustificante do ingreso bancario efectuado co importe da fianza e gastos segundo o establecido no punto 1 das Bases para a instalación de postos.

Nº de conta ES96 2080 5045 8930 4001 0210 de ABANCA

- 3.4 A devolución da fianza efectuarase por idéntico medio, achegarse no momento da solicitude, o correspondente número de conta, no que ten que constar o nome da persoa titular. **A devolución da fianza efectuarase unha vez que a comisión organizadora, avalíe o discorrer da festa e o correcto cumprimento, por parte de cada posto, das normas da organización.**

- 3.5 As solicitudes que non acheguen toda a documentación esixida, non serán admitidas a trámite.